



4º Educación Primaria Día das letras galegas 2025

As cantareiras e a poesía popular oral

AS CANTAREIRAS

As cantareiras son agrupacións musicais femininas que interpretan cantigas da nosa música tradicional.

Estas cantigas interprétanlas nos festexos tradicionais, foliadas, seráns, ruadas, polavilas... ao remate dalgún labor agrícola colectivo: esfolladas, espadelas, fiadas... ou mesmo nas festas familiares ou veciñais.

Normalmente nestas celebracións había música e baile. Ás veces aparecía algún gaiteiro ou acordeonista, pero normalmente estas cantareiras usaban instrumentos de percusión como as pandeiretas, os pandeiros e tamén usaban ferriños, cunchas, latas grandes de pemento, sellas, tixolas... calquera cousa que producira son.

As pandeireteiras normalmente actuaban en grupos, botando as cantigas por quendas, de tal xeito que todas, nalgún momento puideran participar no baile.

Os bailes nos que interviñan as cantareiras e as pandeireteiras sempre tiñan a mesma estrutura: primeiro os bailes soltos, con xotas e muiñeiras e despois os agarrados, con pasodobres, polcas, mazurcas... incorporados todos eles á música tradicional galega. Este ano 2025 a Real Academia Galega dedícalles ás cantareiras o Día das Letras Galegas pola súa contribución ao noso idioma e á nosa cultura.



Eva Castiñeira, unha das homenaxeadas no Día das Letras Galegas 2025.

QUE SABES DO DÍA DAS LETRAS?

1. A quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas?

2. Que son as cantareiras? Colorea.

CONXUNTO DE CANTANTES DE ÓPERA

MULLERES QUE CANTAN CANTIGAS POPULARES

CONXUNTO INSTRUMENTAL DE CORDA

3. Une e colorea da mesma cor a festa e a súa definición.

FOLIADA

Percorrido que fan os mozos polas rúas bailando e botando serenatas.

RUADA

Reunión nocturna de carácter festivo.


POLAVILA

Reunión de xente para divertirse, cantar e bailar.


SERÁN

Reunión nocturna nunha casa durante o inverno para pasar o tempo.

4. Coñeces algún grupo de cantareiras? Pescuda na internet e escribe o nome dun par delas.



5. Resolvemos o encrucillado das cantareiras?



HORIZONTALAIS



1. Instrumento musical formado por dúas pezas calcáreas que cobren as vieiras.
2. Recipiente feito con folla de ferro que se usa como instrumento musical de percusión.
3. Instrumento musical de percusión composto por rectángulo de madeira sobre o que se suxeita unha pel estirada.
4. Pandeiro pequeno e redondo con ferreñas.
5. Utensilio de cociña metálico e redondo, con mango longo, no que se friten os alimentos.
6. Instrumento musical cun fol e varios tubos de madeira.
7. Reunión que se facía para fiar e que xeralmente acababa con cantos, bailes e xogos.

HORIZONTALAIS: 1. CUNCHAS 2. LATA 3. PANDEIRO
4. PANDEIRETA 5. TIXOLA 6. GAITA 7. FIADA

6. Completa o nome de cada un destes instrumentos musicais tradicionais galegos. Colorea.


CULLERES TIXOLA PANDEIRETA CHARRASCO CUNCHAS PANDEIRO

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--




--	--	--	--	--	--	--	--	--

--	--	--	--	--




--	--	--	--	--	--

			D			
--	--	--	---	--	--	--



			L			
--	--	--	---	--	--	--



7. Verdadeiro (V) ou falso (F)?

- ☐ As pandereiteiras actuaban sempre en parellas.
- ☐ O pasodobre é un baile solto.
- ☐ No grupo de cantareiras só hai mulleres.
- ☐ Ás veces había coas cantareiras un gaiteiro.
- ☐ Os bailes só eran muiñeiras.
- ☐ As cantigas cantábanse nas festas.

8. Une cada imaxe coa palabra que lle corresponde.

PANDEIRETA ■


PANDEIRO ■

CUNCHAS ■

LATA DE PEMENTO ■

SELLA ■

TIXOLA ■



9. Le o texto das cantareiras e completa.

► Tres festexos tradicionais.

► Dúas cousas que se facían normalmente nestas festas.

► Tres instrumentos musicais.

► Catro instrumentos de percusión.

► Dous bailes soltos.

► Dous bailes agarrados.

► Dous labores agrícolas.



UNHA CANTIGA

Eu ben vin estar o cuco
na póla dun castiñeiro
cunha subela na man
aprendendo a zapateiro la ra la la
aprendendo a zapateiro.



QUE SABES DA CANTIGA?

1. Completa a cantiga usando as palabras do recadro.

subela	cuco	castiñeiro	póla	zapateiro	man
---------------	-------------	-------------------	-------------	------------------	------------

Eu ben vin estar o _____
na _____ dun _____
cunha _____ na _____
aprendendo a _____ la ra la la
aprendendo a _____.

2. Que paxaro é o protagonista da cantiga?

3. De que árbore é a póla na que está o paxaro?

4. Que ten o cuco na man? Completa.


O cuco ten unha _____.

5. Que oficio está aprendendo o cuco? Arrodea.

LINTERNEIRO	ZAPATEIRO	CANTEIRO	
FAREIRO	MESTRE	XASTRE	COCIÑEIRO
PANADEIRO	MUIÑEIRO	ENFERMEIRO	

6. Repara no código e completa o nome destas outras aves. Colorea.


H	A	C	I	U	T	P	Ñ	G	M	O	V	E	E
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14



9	2	4	12	11	6	2



10	11	5	3	14	11



10	4	8	2	6	11



7	13	9	2

7. Completa esta cantiga usando as palabras do recadro.

raíz	carpinteiro	Eu	garlopa
ás	vin	ameneiro	moucho

_____ ben _____ estar o _____
na _____ dun _____
cunha _____ nas _____
aprendendo a _____ .

8. Completa a táboa usando as palabras do recadro.

zapateira pedra reloxeiro carpintaría canteira
ferradura muíño oleiro cesteira ferreiría
cestaría muiñeira zapataría reloxo barro
madeira

zapato		
		canteiro
	reloxaría	
		ferreiro
fariña		
	olaría	
		carpinteiro
cesto		

9. Inventa unha nova estrofa cambiando as palabras *cuco*, *castiñeiro*, *subela* e *zapateiro*.

Eu ben vin estar o _____
na póla dun _____
cunha _____ na man
aprendendo a _____ la ra la la
aprendendo a _____ .

10. Que palabras riman? Coloca as palabras do recadro na bolsa que lle corresponde.

**león bota selo fume prelo botón lume
nota balón furón estrume cume pota
xota arume cabelo buzón xurelo ciume
grelo lacón trota durme gota bacelo**

fume	gota	avión	pelo

11. Xa sabes que o froito do castiñeiro é a castaña, pero saberías dicir cal é o froito destas outras árbores? Relaciona e une con liñas de diferentes cores.

Cerdeira 

Maceira 

Laranxeira 

Limoeiro 

Pexegueiro 

Ameixeira 

Figueira 

Videira 

 **Pexegos**

 **Mazás**

 **Figos**

 **Cereixas**

 **Laranxas**

 **Uva**

 **Limóns**

 **Ameixas**

12. Ocorrésese unha receita con algunha das froitas do exercicio anterior? Decide cal é a que che gusta máis e escríbea. Pensa ben os ingredientes que fan falla e os pasos que hai que dar para facela.

RECEITA

INGREDIENTES

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

DIFICULTADE



FácilDifícil

DEBUXO

PREPARACIÓN

TEMPO

13. Busca no texto os verbos que hai e pensa cal é o seu infinitivo. Coloca os infinitivos na táboa e engade outros infinitivos ata completar todas as liñas.

1ª CONXUGACIÓN	2ª CONXUGACIÓN	3ª CONXUGACIÓN
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

14. A cantiga fala dunha árbore, o castiñeiro.

Cal é o froito do castiñeiro? _____

Que festa se celebra arredor dese froito? _____

Cando adoita celebrarse esta festa? _____

15. Inventa unha pregunta para cada unha destas respostas.

► _____

-O zapateiro

► _____

- O cuco

► _____

- Na man

16. Di o texto que o cuco está aprendendo a zapateiro. E ti pensaches algunha vez de que che gustaría traballar nun futuro? Explica cal é a razón.

17. No texto aparece a palabra subela, que é unha ferramenta que utilizan habitualmente os zapateiros. Serías quen de unir cada profesión coa ferramenta ou obxecto que lle corresponde?

Carpinteiro/a ☐

Electricista ☐

Mestre/a ☐

Mariñeiro/a ☐

Carniceiro/a ☐

Ferreiro/a ☐

Oleiro/a ☐

Canteiro/a ☐

Enfermeiro/a ☐

☐ **Desaparafusador**

☐ **Coitelo**

☐ **Libro**

☐ **Torno**

☐ **Xiringa**


☐ **Cicel**

☐ **Bigornia**

☐ **Serra**

☐ **Nasa**

18. Completa o encrucillado con palabras de texto:



HORIZONTALS

1. Parte dunha árbore.
2. Adverbio de modo.
3. Ave de tamaño medio cun canto moi caracterísitico.
4. Ferramenta que se usa para amañar zapatos.
5. Parte do corpo humano situada no extremo de cada brazo, con cinco dedos.

VERTICAIS

- A. Froito do castiñeiro.
B. Forma verbal que se repite na cantiga.

HORIZONTAIS: 1. POLA 2. BEN 3. CUÇO 4. SUBELA 5. MAN
VERTICAIS: A. CASTANA B. APRENDENDO